



**ROJO
DE BELÉN ARIAS GARCÍA.**

—Non me des máis guerra! —diciá sempre a mamá.

Vaia leria con tanta guerra... guerra na radio, guerra na casa, guerra coa mamá...

Pois xa me estaba eu cansando de tanta guerra e de non poder preguntar nunca nada. Luís marchou para a guerra, a mamá chorou dous días enteiros sen parar, o papá morreu nela, a mamá se puxo de negro e chorou sete días sen parar e agora chora un pouquecho cada noite, que eu ben a escoito cando estou na cama a pensar na guerra. Porque, eu entender, entendo pouco, aínda que ben sei que a mamá non lle gusta, pero eu na radio escoito que si Franco está contento porque chegou a Valladolid ou que si os Rojos foron vencidos en Barcelona, e preguntome quen serán os Rojos estes, e penso que a cousa lle debe ir ben a Luís porque da casa rojo non saíu e os outros non sei de que cor son, pero deben de ser da cor de Luís (cor carne normal). A mamá di que me cale cando lle pregunto iso das cores, e que deixe de dicir parvadas e de preguntar sobre a guerra. Pois a ver que fago? A quen lle pregunto? Na escola un día lle preguntei o profesor por iso das cores e da “república” e por resposta: unha labazada con Rojo de mierda, pois si que non me sabia eu as cores... se eu era rojo... de que cor eran as mazás da leira?

Volvín a casa preocupado e apañei outra labazada, esta da mamá, que non me aclarou nada ben o das cores ou de si era eu Rojo ou non e eu ando preocupado... porque si eu era Rojo, seguramente o papá foi Rojo, a mamá e Roja é o Luis é Rojo... e se todos somos Rojos, as cousas non nos deben de ir tan ben na guerra porque sempre gañan os da outra cor.

Comecei a escoitar a radio doutro xeito, os Rojos ían fatal, morreran non sei cantos e cantos máis morrían, más contento estaba o profesor, mais triste a mamá e máis labazadas levaba eu. Un día me sacaron da escola, xa me pintaba a min isto mal... isto de ser Rojo vai ser unha mierda... Cheguei a casa e alí estaba a mamá e alí estaba o Luís morto, pero non sei porque estaba morto... porque eu ben o mirei na caixa e non era Rojo.